

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/30/2022	GOB16I0FD
0824461Y2O430A0R08GE	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE DOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^aMARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do un de setembro de dous mil vinte dous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE RATIFICACION DE CESÓN URBANÍSTICA PARA VIAL NA R/VIÑAS-A FAISCA..-

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. María Rebeca Arias Castro en representación de sociedade Aricaltec S.L., para destinalo a vial.

SEGUNDO.- Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DACION DE CONTA DUNHA RESOLUCION DA ALCALDIA DE DATA 09.08.2022 POLA QUE OUTORGOU UNHA LICENCZA DE PRIMEIRA OCUPACION DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR NO CAMIÑO DE CASCALLEIRA NUM 9.- Vista a proposta

formulada que di así: O día 9 de agosto de 2022 a Alcaldía deste Concello, por razóns de urxencia e debido a que no mes de agosto non se realizan Xuntas de Goberno local, avocou deste órgano colexiado a competencia delegada da Alcaldía para a aprobación dunha licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Camiño da Cascaleira núm. 9 (LPO-10/2022), con ref. catastral 8094417NJ6189S.

A dita resolución da Alcaldía reproducése literalmente de seguido:

“Visto o informe-proposta asinado pola técnica de xestión – xefa do Servizo de Obras e Urbanismo, Almudena Morado Momán, en data 08.08.2022 que literalmente dí:

“ASUNTO: Outorgamento dunha licenza de primeira ocupación (Exp.- LPO-10/2022).

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

O día 02.06.2022 Javier Rodríguez Marcos, con NIF núm. *****; en representación de Sangiao y Soto, S.L., con CIF núm. B 15 079 791, solicita licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Camiño Costa da Fraga núm. 4 (Ref. catastral 8094417NJ6189S).

A vivenda de referencia ten licenza de obra que foi outorgada por resolución do Concelleiro delegado de urbanismo do día 14.02.2008 á entidade Sánchez Souto, S.L., cambiando posteriormente a titularidade da licenza a favor de Sangiao y Soto, S.L., segundo resolución do Concelleiro de urbanismo do día 21.05.2012.

O día 05.08.2022 o Concelleiro delegado de urbanismo outorgou licenza ao interesado para a legalización da planta soto como planta baixa na vivenda unifamiliar (exp. 76/2022).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2016, do 10 febreiro, do solo de Galicia.
- Artigo 348 e ss. do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016.
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Ordenanza reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras e no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A solicitude citada con anterioridade está suxeita a licenza municipal de conformidade co artigo 142.2 da Lei 2/2016 e o artigo 351.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

O presente procedemento tramitouse conforme ao contemplado no artigo 143 da xa nomeada Lei 2/2016 e concorrentes do seu Regulamento, así como segundo o establecido na Ordenanza reguladora do procedemento de intervención administrativa na execución de obras e no exercicio de actividades e servizos no termo municipal de Narón.

A licenza entenderase outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que houberan incurrido os beneficiarios no exercicio das súas actividades, según prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

O informe técnico manifesta que, inspeccionada a edificación de referencia, sí procede conceder a licenza de primeira ocupación xa que a construción se axusta ás condicións que figuraban na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro- delegado de urbanismo do día 14.02.2008 (exp. 643/2007), así como á licenza de legalización da ampliación do soto e do aproveitamento baixo cuberta, outorgada por resolución do Concelleiro de urbanismo do día 05.08.2022 (exp. 76/2022), e demais documentación achegada.



Según o certificado emitido polo Secretario xeral deste Concello o día 08.08.2022 á parcela de referencia correspóndelle na actualidade o seguinte enderezo: Camiño da Cascalleira (cód. vial: 6009) núm. 9.

A competencia para o outorgamento das licenzas de primeira ocupación foi atribuída á Xunta de Goberno Local deste Concello segundo resolución da Alcaldía do día 25.06.2019, publicada no BOP do 04.07.2019. Non obstante, debido á urxencia do outorgamento desta licenza, e tendo en conta que no mes de agosto non se convocan sesións da Xunta de Goberno Local, considérase procedente a avocación da dita competencia á Alcaldía para a aprobación desta licenza, consonte o previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

En base a todo o exposto, fórmulase á Alcaldía deste Concello a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local a competencia delegada da Alcaldía para a aprobación da licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Camiño da Cascalleira núm. 9 (LPO-10/2022), dando conta a ese órgano do adoptado nesta resolución na próxima sesión que se realice.

SEGUNDO: Outorgar a Sangiao y Soto, S.L. a licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Camiño da Cascalleira núm. 9 (Ref. catastral 8094417NJ6189S), con suxeción as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 14.02.2008 (exp. 643/2007) e na licenza de legalización da ampliación do soto e do aproveitamento baixo cuberta outorgada polo dito concelleiro o día 05.08.2022 (exp. 76/2022),
- b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo COAG o día 01.06.2022, á documentación final de obra (memoria xustificativa de modificacións) visada polo COAG o día 11.05.2022, ao proxecto de legalización da planta soto como planta baixa visado o día 04.07.2022, e demais documentación presentada aos efectos.

TERCEIRO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

CUARTO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala á sociedade interesada.”

Esta Alcaldía acorda aprobar o informe-proposta transcrito en todos os seus termos.”

Consonte o primeiro acordo recollido na resolución transcrita, é necesario dar conta á Xunta de Goberno local da dita resolución na primeira sesión que se realice.

En base ao exposto, o Concelleiro delegado de urbanismo da conta á Xunta de Goberno local da dita resolución transcrita no corpo expositivo desta proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local deuse por enterada.

4 .- DACION DE CONTA DAS LICENZAS OUTORGADAS NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2022.- Vista a proposta formulada que di así: Polo Concelleiro de Urbanismo dáse conta

da relación das resolucións dese concelleiro delegado, sobre as solicitudes de licenzas de obras deste primeiro semestre:

XANEIRO 2022

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
39/2018	RUBÉN CAAVEIRO LÓPEZ	Construción porche, garaxe e piscina	Lg. Sequeiro nº 15 – Castro
48/2020	NEDGIA GALICIA, S.A.	Colocación de hito	Estrada de Ansede
74/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Acometida directa sobre canalización	Rúa Irmandade nº 44
102/2020	VEGO SUPERMERCADOS SAU	Habilitación de aparcamento	Parcela antigo matadoiro da mancomunidade municipios da Ría de Ferrol
27/2021	COM. PROP. AVDA. SOLAINA 13-15	Instalación de ascensor	Avda. Solaina nº 13-15
80/2021	COM. PROP. RÚA LUGO 18-20	Instalación de ascensor	Rúa Lugo nº 18-20
87/2021	FORMACIÓN GALEGA DE MERCANCIAS PELIGROSAS SL	Instalación dunha estrutura metálica	Rúa Toneleiros, parc. W9, polígono ind. Río do Pozo
598/2010	JUAN MANUEL MARTÍNEZ GÓMEZ	Prórroga de licenza para amaño de tellado	Lg. Ferrerías nº 5

FEBREIRO 2022

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
6/2021	JOSÉ MANUEL LEAL FERREIRO	Construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Rocha – Sedes
49/2019	MARCOS MARTÍNEZ LÓPEZ	Prórroga de licenza para construción de vivenda unifamiliar	Lg. da Revolta – San Xiao
35/2020	DAVID GRANDAL GRAÑA	Construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Catasol – Pedroso
79/2018	GERARDO BELLÓN LAMAS	Demolición de edificación	Estrada de Castela nº 185 e 187
59/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Acometida directa sobre canalización existente	Rúa Miguel de Cervantes

MARZO 2022

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
38/2021	GABRIEL FONTAO CABARCOS	Construción dunha vivenda unifamiliar	Rúa Mosteiro de San Martiño
12/2022	TOMÁS GALLARDO TRIGO	Substitución tarima terraza	Rúa Santa Tecla nº 19
6/2020	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	Soterramento LMT DC CRN704/CRN707A entre apoio D8-4 e CR	Lg. As Lagoas
1/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Lg. Borrallada



5/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Polígono da Gándara, parcela 111
9/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Rúa Coruña
10/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Polígono Ind. Río do Pozo
36/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Camión da Veiga nº 23
47/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	LMTS, CTC, RBT	Avda. Miguel de Cervantes
64/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	LMTA SMR711. Substitución de apoio A OPU11 2N//63-5	O Val
71/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Camión Lagoas nº 4 - Castro
78/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	Retranqueo de RBT	Lg. Igrexa nº 2
113/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Lg. Casal – O Val
123/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Rúa Mosteiro de San Martiño s/n
134/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RMTS	Rúa Concepción Arenal
135/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Lg. Vilacornelle – O Val
40/2021	COM. PROP. RÍO VESPASANTE 17	Prórroga do prazo de inicio de licenza de obra para instalación de ascensor	Rúa Río Vespasante nº 17
79/2021	EVA PÉREZ LUACES	Construción de vivenda unifamiliar	Avda. Souto Vizoso nº 102

ABRIL 2022

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
92/2021	JOSÉ CARLOS ISAAC LORENZO TEIJEIRO	Conservación e mantemento de vivenda unifamiliar existente	Estrada de Castela nº 539
91/2021	ANDREA MAURIZ CAÍNZOS	Construción de vivenda unifamiliar	Lg. Sobecos – Castro
86/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Rúa Fonsagrada
107/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Camión das Agrasº
115/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Rúa Mosteiro de San Martiño
1/2022	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBT	Avda. Gonzalo Navarro nº 13
105/2021	ARICALTEC S.L.	Construción vivenda unifamiliar	Rúa Viñas
110/2021	EMILIO FERRERO GUEVARA	Reparación de cuberta e	Lg. A Faisca nº 3

		fachadas en vivenda	
83/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Avda. Miguel de Cervantes
112/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	Retranqueo RBT	Camiño das Lagoas nº 34
60/2021	COM. PROP. PASCUAL VEIGA 2-4	Instalación de ascensor	Rúa Pascual Veiga nº 4

MAIO 2022

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
3/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Colocación de hito	Rúa Bailén esq. Estrada Castela
28/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Colocación de hito	Estrada Cedeira – Feal
52/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Execución de cala para localizar válvula	Avda. Santa Icaía nº 95
61/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Cambio de tapa	Rúa Luís de Góngora nº 10
77/2021	NEDGIA GALICIA, S.A.	Ampliación de rede e anulación de dúas acometidas	Rúa Chousa da Pedra nº 15
84/2021	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.	RBTS	Avda. do Mar, parc. 96, políg. ind. da Gándara
551/2006	MARÍA HERMESINDA HERMIDA MOURIZ	Modificación licenza para construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Ansede – O Feal (finca 2)
40/2022	JAVIER SANTIAGO SANMARTÍN	Reconstrución de muro de peche	Igrexa San Salvador de Pedroso, Lg. Congostras
54/2022	BELÉN NIETO RODRÍGUEZ	Peche de finca con muro de contención de terras	Lg. Pradelo s/n - Pedroso

XUÑO 2022

EXP.-	PROMOTOR	OBRA	LUGAR
17/2020	VÍCTOR CARUNCHO CARREIRA E MARÍA ELENA REY DÍAZ	Modificación licenza para construción dunha vivenda unifamiliar	Lg. Cruceiro – O Val
57/2021	LUÍS DÍAZ FERNÁNDEZ	Construción de vivenda unifamiliar	Lg. Os Canteiros – O Val
94/2021	JOSE ANTONIO ALVITE FERNÁNDEZ	Demolición parcial, reforma (parcial) e ampliación de vivenda unifamiliar	Camiño da Mata nº 108 – Castro
133/2021	CARMEN LÓPEZ LAMAS	Construción dunha caseta agraria para almacén de apeiros de labranza	Estrada de Valdoviño km. 7, Lg. Os Canteiros – O Val
25/2022	MARÍA NELIDA MARTÍN DIEGO	Reforma de local auxiliar e peches	Lg. Calvario nº 40 – San Mateo
43/2022	JOSEFA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ E DEOGRACIAS E JOSÉ MANUEL MATA FERNÁNDEZ	Demolición de naves industriais e edificacións auxiliares	Avda. Cedeira nº 110



17/2020	IGNACIA MARÍA ALONSO GONZÁLEZ	Modificación licenza para rehabilitación cuberta de vivenda unifamiliar e conservación e mantemento desta e outras edificacións anexas	Rúa San Roque nº 21
56/2022	FERNANDO PITA MARTÍNEZ	Construción de edificación auxiliar	Rúa Noriega Varela

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local deuse por enterada.

5.- PROPOSTA DE APROBACION DAS BASES ESPECÍFICAS DO CONCURSO PARA A PROVISION PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.- Vista a proposta formulada que di así: “Visto o informe proposta do servizo de Organización e RRHH que textualmente di:

”De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, d0 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME PROPOSTA:

ANTECEDENTES

Na OEP extraordinaria do ano 2021 aparecen reflectidas as seguintes prazas:

Nº	CODIGO PRAZA	DENOMINACION
1	1300038	Administrativo
1	2130004	Delineante
1	2220003	Operario de medio natural
2	2230005	Oficial electricista
	2230025	
1	2230013	Oficial albanel

CONSIDERACIONS XURIDICAS

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado
- Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Acordo regulador / Convenio colectivo de funcionarios e persoal laboral do Concello de Narón BOP Coruña 20.07.2009 e 31.05.2010, respectivamente

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público
- Lei 22/2021, de 28 de decembro, pola que se aproban os orzamentos xerais do estado para 2022

INFORME PROPOSTA

O RD-L 14/2021 de 6 de xullo de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e posteriormente a Lei 20/2021 de 28 de decembro que substitúe ao mesmo, establecen un procedemento excepcional e extraordinario para aquelas prazas ou postos de traballo das Administracións Públicas que reúnen unas determinadas circunstancias de ocupación ininterrompida, é dicir, que estando dotadas presupostaríamete foran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente a lo menos nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.. A lei 20/2021, concreta o sistema de selección, decindo no artigo 2: si o sistema de selección será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate. Concreta a norma na súa disposición adicional sexta, que para aquelas prazas cuxa ocupación ininterrompida sexa anterior a 1 de xaneiro de 2016, os sistema será o de concurso.

Con estas premisas se ten aprobada a ope extraordinaria de estabilización que se indica na parte expositiva (documentos GOB15I0G1 e GOB16I09Q)

A presente proposta de bases específicas cumpre co preceptuado no artigo 2 e nas disposicións sexta e oitava da Lei 20/2021 de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítase o a seguinte proposta:

Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte

A vista dos antecedentes expostos e da normativa citada nos apartados anteriores, emítase a seguinte proposta

Que polo concelleiro delegado pola alcaldía para asuntos de persoal, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do acordo seguinte:

PRIMEIRO Aprobar as seguintes bases específicas do concurso para a provisión das prazas de funcionarios/as de carreira, incluídas na OEP extraordinaria de 2021, de estabilización de emprego temporal, relacionadas no Anexo I

BASES CONCURSO OPE EXTRAORDINARIA ESTABILIZACION 2021

Primeira- Obxecto da convocatoria

1.1 Convócase o proceso selectivo para cubrir seis prazas vacantes correspondentes aos subgrupos C2 e C1, que se detallan no Anexo I, polo sistema xeral de concurso e por unha soa vez, polo procedemento de estabilización de emprego temporal establecido no artigo 2.1 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

1.2 Esta convocatoria rexerese polo previsto nestas bases e nas bases xerais da OEP 2021 e, en defecto de norma aplicable, estarase ao establecido na [Lei 20/2021, do 28 de decembro](#), de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e demais normas concordantes.

1.3 De conformidade co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos persoais, os facilitados por quen concorran á presente convocatoria serán tratados polo Concello de Narón e incorporados no sistema de tratamento «Recursos Humanos», coa finalidade de xestionar e tramitar o proceso de selección obxecto da mesma, finalidade baseada principalmente na necesidade de dar cumprimento ao estipulado na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

Os datos poderán ser comunicados a outras entidades públicas en cumprimento da normativa laboral, de seguridade social e tributaria e a calquera outra entidade no caso de que exista obrigaón legal.

Os/as interesados/as poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, e dispoñen de información adicional sobre o exercicio destes e outros dereitos, en relación cos seus datos persoais, na sede electrónica municipal : www.sedeelectronica.naron.es

Segunda- Procedemento de provisión

Conforme ao previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, o procedemento de provisión será o concurso específico de méritos, previsto no art. 45 do RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado.

Terceira. Normativa aplicable

O concurso de méritos rexerese polas presentes bases, e polas bases xerais para o ano 2021, axustadas ao disposto na seguinte normativa:

- Arts. 97 e 101 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Art. 168 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Arts. 78 e 79 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público
- Art. 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia
- Arts. 36 a 50 do RGIPPT, de aplicación supletoria aos funcionarios públicos das restantes Administracións Públicas (artigo 1.3)
- Artigo 2 e DA 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

Cuarta- Publicación da convocatoria

As presentes bases, unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local , deberán ser publicadas integramente no Boletín Oficial da provincia da Coruña e na sede electrónica do Concello de Narón [www.sedelectronica.naron.es](http://www.sedeelectronica.naron.es).

Un extracto da convocatoria remitirase para a súa publicación, no Diario oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

Quinta- Condicións da participación no concurso

5.1. Son requisitos da presente convocatoria:

- a) Posuir a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no [artigo 57](#) do [Estatuto Básico do Empregado Público](#)
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas
- c) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
- d) Non ser obxecto de separación do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos Órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, mediante expediente disciplinario, nin acharse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o emprego ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse en situación de inhabilitación ou equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión da titulación esixida no Anexo III desta convocatoria para cada unha das categorías profesionais convocadas. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación en España ou, no seu caso, o correspondente certificado de equivalencia.

5.2 Os aspirantes que non posúan a titulación acreditativa do coñecemento do galego, correspondente ao grupo de clasificación, deberán acreditar un coñecemento adecuado do galego.

5.3 Todos os requisitos e méritos alegados deberán posuírse no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse, no seu caso, ata o día de formalización dos correspondentes contratos de traballo.

Sexta . Solicitudes.

6.1 Poderanse solicitar as prazas que se inclúen no Anexo I deste acordo, sempre que se reúnan os requisitos establecidos na presente convocatoria.

6.2 As solicitudes para tomar parte no concurso, dirixidas á Sra. Alcaldesa- Presidenta, axustaranse ao modelo publicado na Sede electrónica municipal www.sedeelectronica.naron no apartado de “Oferta Pública de Emprego” “Concursos” e presentaranse no prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial do Estado» a través da propia sede electrónica, ou nas oficinas a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.3 Coa solicitude presentaranse os seguintes documentos con carácter xeral:

- Solicitude de participación modelo oficial
- Copia do DNI
- Certificado de situación administrativa á data da publicación da presente convocatoria no BOE, no seu caso
- Certificado/s de méritos



- Memoria.
- Declaración de non ser separados de calquera das administracións públicas: «*Declaro non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparme en situación de suspensión firme de funcións, nin acharme en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, comprometéndome a comunicar á autoridade competente calquera cambio que se produza neste sentido na miña situación persoal.*»

Ademais, deberase acompañar á solicitude:

1. Acreditación de posuír a titulación de galego correspondente a CELGA 3 para as prazas correspondentes ao subgrupo C2; CELGA 4 para as prazas correspondentes ao subgrupo C1.

No suposto de non estar en posesión do título de CELGA correspondente á praza a que se opta, deberán realizar proba de nivel de galego que se cualificará de APTO/NON APTO.

De resultar “NON APTO” quedará eliminado/a da presente convocatoria

2. Os/as funcionarios/as con algunha discapacidade deberán facer constar na propia solicitude o tipo de adaptación que necesitan para o desempeño do posto de traballo, a efectos do disposto no artigo 10 do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, debendo acompañar un informe, expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuído o posto ou postos solicitados. En calquera caso, a compatibilidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo valorarase tendo en conta as posibilidades de adaptacións que se poden realizar no mesmo.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o/a petionario/a, sen que poidan ser obxecto de modificación, aínda que poderá aceptarse polo Tribunal aclaración aos méritos previamente alegados.

Sétima. Proba de galego

Incluirase como requisito o coñecemento da lingua galega que os e as concursantes acreditarán mediante a presentación, coa solicitude de participación, da documentación xustificativa de estar en posesión do CELGA correspondente, expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou do seu equivalente.

Inmediatamente antes de iniciar o proceso de valoración de méritos, os/as concursantes que non acrediten a posesión do título establecido no parágrafo anterior, participarán nunha proba eliminatoria que se cualificará como APTO ou NON APTO, destinada a avaliar un grao de coñecemento do galego equivalente ao conseguido coa obtención do CELGA 3 / CELGA 4 (en función da praza convocada).

O chamamento para a realización da proba será único.

Para á corrección desta proba designarase funcionario/a do servizo de normalización lingüística do Concello de Narón, que actuará como experto/a

Terminada a valoración da proba, o/a experto/a elevará os resultados da mesma ao Tribunal, órgano que publicará a proposta provisional de cualificación na sede electrónica municipal.

Darase un prazo de 2 días para reclamacións.

Transcorrido o prazo e resoltas as alegacións, elevarase a proposta a definitiva continuando o proceso

A superación da proba de coñecemento da lingua galega á que se refiren os artigos precedentes terá validez exclusivamente no respectivo concurso de traslados..

Oitava. Condicións de valoración e baremo

A) Condicións de valoración

1. Os requisitos, méritos e calquera outros datos alegados polos/as solicitantes deberán estar referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.

2. Aos/ás empregados/as públicos/as en situación de expectativa de destino consideráraselles o tempo de permanencia na devandita situación a efectos de valoración de méritos xerais, como desempeñado no posto ao que estaban adscritos no momento de pasar á mesma.

3. Aos/ás empregados/as públicos en excedencia por coidado de familiares e a aqueles/as que estean en situación de servizos especiais con dereito a reserva de posto e que participen neste concurso, consideráraselles, para os efectos da valoración de méritos xerais, o posto de traballo que desempeñaban no momento de cambio de situación ou, alternativamente, aquel que desde a devandita situación obtivesen por concurso. Para estes efectos, o tempo de permanencia na situación administrativa de excedencia por coidado de familiares, regulado no artigo 89.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, deberá considerarse como de prestación de servizos efectivos.

4. O desempeño de postos computarase por días naturais, ata o último día do prazo de presentación de instancias, inclusive.

B) Baremo

O baremo consta de dúas fases: na primeira das valoraranse os méritos xerais e na segunda os méritos específicos axeitados ás características do posto, tal e como se recollen no Anexo II

1. Primeira Fase: Méritos xerais: puntuación máxima 60 puntos e mínima de 12

1.1 Valoración do traballo desenvolvido: Valoraranse o desempeño dos postos de traballo nos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, calquera que sexa a forma de ocupación prevista regulamentariamente dentro do mesmo subgrupo de clasificación; mesma categoría e especialidade, ou categoría equivalente (contrato laboral no seu caso), ata un máximo de 50 puntos e mínimo de 10, segundo a distribución seguinte:

1.1.1 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días de desempeño de posto de traballo no servizo/sección/departamento funcional do posto convocado no mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade ou categoría equivalente (contrato laboral), no seu caso da praza que se convoca na Administración Local: **0,80 puntos (máximo 50)**

1.1.2 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días en servizo/sección/departamento funcional distintas do posto que se convoca e dentro do mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade, ou categoría equivalente (contrato laboral) no seu caso da praza que se convoca na Administración Local. **0,40 puntos (máximo 24)**

1.1.3 Por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días en posto convocado no mesmo subgrupo, escala, subescala, clase e especialidade, categoría equivalente (contrato laboral) no seu caso da praza que se convoca en Administración Pública distinta da local. **0,20 puntos (máximo 12)**

1.2 Cursos de formación e perfeccionamento: Puntuación máxima: 10 puntos.

Só se valorará os cursos realizados e acreditados nos 10 anos inmediatamente anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Só serán avaliábles os cursos directamente relacionados coas tarefas e funcións propias do posto de traballo ao que se opta incluíndo aqueles de formación xeral en procedemento administrativo, seguridade no traballo, igualdade e informática de xestión, organizados e convocados por Administracións Públicas territorial e institucional así como por Universidades públicas e universidades privadas, neste suposto, sempre que a formación acredite créditos oficiais (ETCS) .

Non será avaliáble a titulación académica requirida para o acceso ao subgrupo/grupo profesional

As titulacións académicas de grao; master ou postgrao relacionadas coas funcións do posto de traballo, non comprendidas non apartado anterior, deberán referir o programa de formación así como os créditos ETCS ou equivalentes, no seu defecto, horas de formación

Os cursos que non acrediten o número de horas ou no seu caso os créditos ETCS; contido ou programa da formación, non poderán ser valorados.

A valoración farase de acordo ao seguinte baremo

1.2.1	Por cursos con duración de 15 a 20 horas	0,40 puntos
1.2.2	Por cursos con duración de 21 a 40 horas	0,70 puntos
1.2.3	Por cursos con duración de 41 horas a 99 horas	1 punto
1.2.4	Por cursos/títulos con duración de mais de 100 horas ou 4 ETCS	3,5 puntos

Non se poderá acumular a puntuación por recibir ou impartir o mesmo curso, agás se acredite que se trata de reedicións actualizadas.

2) Segunda Fase: Méritos específicos

Esta fase consistirá na comprobación e valoración dos méritos específicos adecuados ás características do posto.

Terá unha puntuación máxima de 40 puntos e mínima de 10 puntos

Consta de dúas partes:

2.1 Memoria: Terá unha valoración máxima de 35 puntos e consistirá na presentación dunha memoria/documento/exposición/escrito relacionado co contido funcional do posto, que deberá conter como mínimo:

- Portada (con identificación do concursante)
- Descrición do posto na estrutura municipal
- Desenvolvemento das tarefas e responsabilidades do posto
- Circunstancias de execución
- Competencias necesarias
- Requisitos
- Condicións
- Medios que estima necesarios para o seu desempeño

A memoria valorarase, atendendo, en todo caso, á súa claridade expositiva, o contido mínimo establecido no parágrafo anterior, coñecemento das funcións do posto a cubrir, propostas de mellora na calidade do servizo prestado e cantos outros criterios estableza o Tribunal.

Formato: A extensión do escrito non poderá exceder de 5 páxinas por unha cara tamaño DIN-A4, con interlineado sinxelo e un tamaño de letra de 11 puntos, sendo o tipo de letra Arial. Consideraranse como “non presentadas” as páxinas que excedan do número máximo establecido.

2.2 Entrevista: A entrevista versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto e sobre a memoria/documento presentado, podendo estenderse na comprobación dos méritos.

No transcurso da entrevista, o tribunal poderá facer un máximo de 10 preguntas aos/ás aspirantes sobre o contido dos méritos alegados ou a memoria presentada.

Valoraranse as respostas ás dúbidas expostas polo Tribunal; a claridade expositiva e os coñecementos demostrados.

A súa duración non será superior a 30 minutos. Terá unha valoración máxima de 5 puntos

A lectura e defensa da memoria non será obrigatoria.

As datas e horas da lectura e defensa da memoria, publicaranse na sede electrónica municipal. De non presentarse o/a candidato/a no lugar, data e hora indicados, procederase a valoración da memoria outorgando unha puntuación de 0 puntos á entrevista.

Novena. Tribunal

O tribunal estará constituído por cinco membros designados pola Alcaldía-Presidencia e estará formada por:

- Presidente: Funcionaria/o de carreira do Concello de Narón
- Tres vogais: Tres funcionarias/os de carreira do Concello de Narón ou doutras Administracións públicas.
- Secretario: O secretario xeral do Concello ou funcionario/a en quen delegue



A designación dos/as membros do Tribunal incluíra os/as respectivos/as suplentes, e terá en conta o determinado no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, no que se refire á igualdade efectiva entre mulleres e homes nos órganos de selección.

As/os membros do Tribunal deberán pertencer a grupos ou subgrupos de clasificación profesional igual ou superior ao esixido para as prazas e postos obxecto do concurso.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de tres dos seus 5 membros, titulares ou suplentes, indistintamente, e poderá solicitar a designación de asesores/as ou colaboradores/as con voz pero sen voto.

As decisións do Tribunal adoptaranse por maioría de votos

Igualmente, correspóndelle a resolución das dúbidas que puidesen xurdir en aplicación destas normas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases, e facultado para resolver cantas incidencias se expoñan para a boa orde no desenvolvemento do concurso que non estean especialmente previstas nesta convocatoria.

Serán normas supletorias as disposicións legais vixentes de xeral aplicación, e particularmente as normas referidas na Base Terceira .

No non previsto na presente base será de aplicación o disposto na Sección 3 do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico

Décima. Proposta de Resolución do Concurso.

Unha vez finalizado o proceso de valoración procederase á publicación da lista provisional de méritos na sede electrónica, para que no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa exposición na Sede electrónica, os/as interesados/as poidan presentar as alegacións que estimen oportunas, as cales serán resoltas polo Tribunal.

En caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada aos méritos xerais enunciados na Base Oitava apartado 1, pola orde expresada. De persistir o empate acudirase, á letra establecida na última Resolución publicada pola Secretaria de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ao que se refire o artigo 17 do RD 364/1995 de 10 de marzo que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración xeral do Estado

Concluída a valoración dos méritos coa publicación da lista definitiva de méritos, o Tribunal propondrá á Alcaldía-Presidencia que se adxudiquen as prazas e os postos de traballo aos/as candidatos/as que obtivesen maior puntuación segundo o baremo de méritos, sumados os resultados finais de ambas as fases sendo necesario alcanzar a puntuación mínima de 15 puntos nos Méritos Xerais e de 10 puntos nos Méritos Específicos

Con todo, nos casos nos que exista un/unha único/a participante admitido/a por posto, o Tribunal poderá propondrá a adxudicación dese posto obxecto de convocatoria a aquel, unha vez alcanzada a puntuación mínima esixida para cada unha das fases, tendo en consideración a puntuación outorgada

en calquera dos méritos ou a suma de varios deles, sen necesidade de valorar e puntuar o resto dos méritos.

Undécima. Resolución

Resultas as alegacións, coa publicación da lista definitiva, o Tribunal propondrá o nomeamento de funcionarios/as de carreira e a adxudicación definitiva dos postos á Alcaldía Presidencia, quen resolverá o presente concurso por resolución motivada, con referencia ao cumprimento das normas vixentes e das bases da convocatoria, e facendo constar os datos do/a empregado/a público, e o posto adxudicado.

O prazo máximo para a resolución do concurso será de tres meses contados desde o día seguinte ao da finalización da presentación de solicitudes, podendo prorrogarse por un mes máis a proposta do tribunal.

O nomeamento de funcionario/a na praza e adxudicación do posto convocado mediante a presente convocatoria producirá, no seu caso, o cesamento no posto de traballo de quen o viñese desempeñando

Duodécima. Lista de aprobados.

Finalizado o proceso de selección, o Tribunal publicará no prazo máximo dun mes a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzado, con indicación do documento nacional de identidade, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo na sede electrónica. O devandito prazo poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada.

Simultaneamente á súa publicación na sede electrónica, o Tribunal elevará a relación expresada ao titular do órgano competente e publicarase no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

O Tribunal non poderá declarar un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as ou cando da documentación achegada polos aspirantes dedúzase que non cumpren os requisitos esixidos ou por circunstancias sobrevindas dedúzase a imposibilidade de incorporación dalgún dos aspirantes, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano competente poderá requirir do Tribunal relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento como funcionarios de carreira.

O acto que poña fin ao procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do Tribunal ditados en virtude de discrecionalidade técnica no desenvolvemento do seu labor de valoración, estará referida ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria.

Décimo terceira. Presentación de documentos

No prazo de vinte días naturais, a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixese pública a lista definitiva de aspirantes aprobados no Boletín Oficial da Provincia, os/as aspirantes propostos/as achegarán os documentos que a continuación se relacionan:

1. Fotocopia e orixinal do DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade en vigor.



2. No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes, ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do español ou do nacional da Unión Europea co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo

3. Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas, ou certificación académica que acredite realizar e aprobar os estudos completos necesarios para a expedición do mesmo. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación.

4. Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de funcións públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario no que fose separado ou inhabilitado. Os nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non acharse inhabilitados ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso á función pública.

5. Documentación acreditativa dos restantes requisitos que, no seu caso, puidesen esixirse en cada base específica. 6. Os/as aspirantes que participasen pola cota de discapacidade deberán achegar certificado vixente acreditativo do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da comunidade autónoma. En todo caso, deberán achegar a certificación de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes. Aqueles aspirantes da cota de discapacidade, que en aplicación do disposto na base 9.1 obtivesen praza pola quenda de acceso libre, deberán achegar, así mesmo a documentación anteriormente sinalada.

Conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado no apartado 11.1, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame da mesma deducítese que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas non poderán ser nomeados/as funcionarios/as de carreira, quedando anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Décimo cuarta. Nomeamento como funcionario de carreira

Concluído o proceso selectivo quen o superase e acheguen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria, serán nomeados/as funcionarios/as de carreira polo titular do órgano competente, no prazo máximo de catro meses desde a publicación da relación de aprobados no Boletín Oficial da provincia. Con carácter xeral, tentarase que este prazo de catro meses estea comprendido dentro do prazo xeral de tres anos de execución das Ofertas de Emprego Público, previsto no artigo 70 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Os nomeamentos publicaranse no Boletín Oficial da provincia da Coruña. A toma de posesión dos/as aspirantes que superasen o proceso selectivo farase no prazo de un mes, contado a partir da data de publicación do seu nomeamento como funcionario de carreira no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

Transcorrido o prazo de un mes, os/as aspirantes que non teñan tomado posesión perderán todos os dereitos adquiridos durante o proceso selectivo quedando anuladas todas as actuacións.

SEGUNDO.- publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos.

ANEXO I

CODIGO	Denominación	Servicio	CD	ESPECIFICO		TIPO	ADSCRIPCION			PRAZA	FP	SIT
				P.	IM.A		Subg.	Escala	T			
02.02.C004	Administrativo	RRHH/ Nóminas	16	178	8.223,6	No	C1	1/130	FL	1300038	AI	VI
02.05.C001	Delineante	Urbanismo	16	180	8.316	No	C1	2/213	FL	2130004	AI	VI
01.02.C003	Opera.m.nat	Speis	14	164	7.576,8	No	C2	2/222	FL	2220003	AI	VI
02.09.C026	Of.albanel	Servicios	14	158	7.299,6	No	C2	2/223	FL	2230013	AI	VI
02.09.C009	Of.electricist	Servicios	14	230	10.626	No	C2	2/223	FL	2230005	AI	VI
02.09.C010	Of.electricist	Servicios	14	230	10.626	No	C2	2/223	FL	2230025	AI	VI

CD.- Complemento de destino

P.- Puntos

IM.A- Importe anual

FP.- Forma de provisión

SUBG.- Subgrupo de clasificación

T.- Tipo de funcionario

SIT.- Situación

1/2 .- Administración xeral- Administración especial

FL.- Funcionario de carreira local

AI.- Concurso aberta a outras administracións

V.- Vacante

VI.- Vacante ocupada por interino/a

**ANEXO II
FUNCIONS DOS POSTOS**

CODIGO	Denominación	Servicio	Tarefas
02.02.c004	Administrativo	RRHH/ Nóminas	Tramitar expediente nóminas. Informatizar nómina. Calcular costes persoal. Elaborar e remitir información custos persoal administracións e internos. Registrar e tramitar seguridade social , IRPF. Substituír á xefatura de sección en caso de ausencia.
02.05.c001	Delineante	Urban	Recoller e verificar datos de campo para proxectos de construción. Representar graficamente planos e proxectos de construción. Realizar o seguimento do planeamento execución dos proxectos. Dar soporte técnico e gráfico aos superiores. Atender consultas dos/as usuarios/as de urbanismo.
01.02.C003	Operario medio natural	Speis	Identificar riscos en situación de emerxencias e informar. Preparar equipos protección persoal. Manter e comprobar estado de equipos, vehículos e inmobles. Identificar deficiencias en bens e equipos. Auxiliar a persoas en caso de emerxencias. Aplicar soporte vital básico. Comprobar eventos e condicións de instalación. Colaborar en evacuacións.
02.09.C026	Oficial albanel	Serv.	Realizar tarefas de mantemento de instalacións e equipos municipais. Controlar correcto funcionamento de instalacións e equipos. Realizar control de material. Dar soporte ao equipo xeral de mantemento. Velar pola seguridade e saúde no traballo.
02.09.C009	Ofic. electricista	Serv.	Realizar tarefas de mantemento de instalacións e equipos municipais. Controlar correcto funcionamento de instalacións e equipos. Realizar control de material. Dar soporte ao equipo xeral de mantemento. Velar pola seguridade e saúde no traballo. Ter dispoñibilidade para urxencias no servizo eléctrico 24 horas.
02.09.C010	Ofic.electricista	Serv	Realizar tarefas de mantemento de instalacións e equipos municipais. Controlar correcto funcionamento de instalacións e equipos. Realizar control de material. Dar soporte ao equipo xeral de mantemento. Velar pola seguridade e saúde no traballo. Ter dispoñibilidade para urxencias no servizo eléctrico 24 horas.

ANEXO III

DENOMINACION	
Administrativo	Bacharelato ou equivalente
Delineante	Formación Profesional de 2º Grado na rama de Delineación: Técnico Superior en Proxectos de Obra Civil, Técnico Superior en Proxectos Urbanísticos e Operacións Topográficas ou equivalentes.
Operario m.natural	Educación secundaria obrigatoria (ESO) ou equivalente
Oficial electricista	Formación profesional de I grado, técnico en electricidade ou equivalente
Oficial albanel	Formación profesional de 1 grado, técnico en construción ou equivalente

O Concelleiro Delegado de Persoal propón a esa Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

PRIMEIRO Aprobar as seguintes bases específicas do concurso para a provisión das prazas de funcionarios/as de carreira, incluídas na OEP extraordinaria de 2021, de estabilización de emprego temporal, relacionadas no Anexo I

SEGUNDO.- publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do disposto na normativa vixente en materia de selección dos empregados públicos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4